"... Hablamos en suma del médico pequeño de O Incio, de una historia que sigue tomando forma y que llevará el nombre del doctor Manuel Díaz González de generación en generación. Hablamos de un médico eficiente, admirado y querido en toda la comarca que fue destruido en plena madurez y lo hacemos para que nadie pueda otra vez, aquí o en cualquier otra parte, levantar los fusiles del odio. Hablamos de una historia que ya se convierte en patrimonio de todos, la de un hombre pequeño de estatura que vio su vida segada por el fanatismo, la venganza y la envidia, pero que proyecta en cambio una sombra cada vez más larga. Hablamos no sólo de dolor, sino también de ideales de justicia, educación, salud y emancipación que límpidamente proyectan su vida y su muerte. Hablamos de una sangre inocente derramada pero como hemos repetido haciendo eco del impresionante concepto de su colega y amigo Castelao, de una sangre y de unos restos que obran como una semilla, es decir no sólo de una muerte violenta e injusta, de una verdad acribillada, sino de una historia rescatada por una memoria pertinaz que hace germinar la simiente de los huesos perdidos del *Pequeniño do Incio* por una lluvia de voces que la esparcen por el viento.

De esta forma, la historia de Manuel Díaz González nos convoca y nos empuja a combatir la opresión, la injusticia, la impotencia y la derrota. El pasado fecunda al presente para fertilizar nuestra conciencia y si bien la

historia pesa mucho por el dolor, la violencia y la injusticia, es al tiempo una luz llameante que nos llama a proclamarla con orgullo como una historia de valor y esperanza llamada a difundirse desde esta comarca de O Incio que vio nacer, ejercer la medicina de cabecera, luchar por los más débiles y morir acribillado al médico pequeño quien, en efecto, ya no es sólo nuestro amado tío Manolo, sino que es patrimonio de todos.

Y así, más que la dolorosa figura de la muerte violenta, por la memoria recuperada surge en la mente la imagen de aquel médico rural de a caballo, siempre presto a acudir a todos los rincones de la comarca de O Incio a atender al campesino pobre y enfermo, a dejarte una ayuda para comprar medicina, a darte aliento y esperanza en una vida dura y en un contexto de explotación e injusticia que el médico combatía ardua y valientemente en su revista *Siembra*. ¡Qué necesitados estamos en los tiempos que corren de figuras como la de este médico de a caballo en lucha contra la enfermedad y la injusticia y que pagará por ella con su vida! ¡Qué orgullo para la comarca de O Incio, para la casa del Castelo, para la familia Díaz, albergar y atesorar su memoria, sus sueños y sus ideales!

¡Que el espíritu del tío Manolo, del médico pequeño patrimonio de todos, nos acompañe siempre y podamos vivirlo y transmitirlo a nuestros próximos y a todos los demás! "



Ricardo Díaz López
Sobriño

" ...Gracias por vuestra presencia y deseo de querer demostrar a todo el mundo, que el recuerdo del Médico "O PEQUENIÑO DO INCIO", del Dr. Manuel Díaz González, vilmente asesinado en una cuneta, el 11 de septiembre de 1936, permanece inalterable en nuestros corazones. El TÍO MANOLO, en el momento de su muerte ejercía como Médico de éste Municipio, era un hombre trabajador y su trato con sus vecinos enfermos era por todos, muy valorado, principalmente por los más humildes, tenía fama de ser muy inteligente y sus diagnósticos así lo corroboran.

En cuanto a su compromiso con la sociedad, estaba muy interesado en que cambiara la situación económica y política del País y que estos cambios fueran proyectados para aquellos que más lo necesitaban. Fue Alcalde de este Municipio, ejerciendo sus funciones con extremada honradez.

Atendía en su despacho todos los días. Visitaba a aquellos que por su gravedad no pudieran hacerlo personalmente y, según las circunstancias, lo hacía a pie, o en taxi para aquellos mejor comunicados por carretera, o bien cabalgaba por la montaña, visitando así a sus enfermos que les era imposible trasladarse a la capitalidad del municipio. En esta labor era siempre, acompañado por mi hermano Guillermo que utilizaba el caballo del Abuelo Juan. Recuerdo tardaban hasta tres días en regresar.

Yo quise mucho a mi tío Manolo y ahora que podemos honrarlo en libertad, doy gracias a Dios por este reconocimiento..."

De nuevo, muchas gracias por vuestra presencia.



José Gabriel Vázquez Díaz
Sobriño

"Mi pretensión al esculpir este busto fue reflejar las cualidades de mi tío Manolo, muy especialmente su bondad. Los más cercanos a él y sus vecinos son conocedores de su historia. Quisiera hacer hincapié en la fecha de su fusilamiento para que la conservemos como recuerdo en nuestras memorias, que este acto no sólo sea un homenaje de los que quedamos vivos sino también un pequeño reconocimiento a todos los que ya no están entre nosotros.


En nombre de la familia Díaz quiero agradecerlos a todos el que nos acompañéis en este momento tan importante y esperado: a la corporación municipal, representada por la Alcaldesa, a las autoridades públicas, y en especial, a los que han trabajado tanto para que este acto se pudiera llevar a cabo y, como no, a todos los vecinos de O Incio que con cariño nos acompañan.

A todos gracias por estar aquí! "



István Rodríguez Díaz (trompa) e Miguel Ángel Rodríguez González (saxofón), sobre eles recaeu a responsabilidade de interpretar o *Himno de Riego*. O que fora o himno da IIª República foi utilizado nos actos como elemento que contextualizaba a época dos feitos.

O grupo de gaitas integrado polos veciños do Incio, Álvaro Moscoso Vizcaíno, Óscar Sánchez Rodríguez, Xesús Lois Fernández Rodríguez, Cosme Eladio Pombo Rodríguez, Alberto Fernández Dacal e o sobriño neto do homenaxeado, Nemesio Pérez Díaz, foron os encargados de interpretar o Himno Galego, cantado polos asistentes.



Letra: Rosalía de Castro [1837-1885].
Música: Xoán Montes Capón [1840-1899].

Cando penso que te fuches,
negra sombra que me asombras,
ó pé dos meus cabezales
tornas facéndome mofa.

Cando maxino que es ida,
no mesmo sol te me amostras,
i eres a estrela que brila,
i eres o vento que zoa.

Si cantan, es ti que cantas,
si choran, es ti que choras,
i es o marmurio do río
i es a noite i es a aurora.

En todo estás e ti es todo,
pra min i en min mesma moras,
nin me abandonarás nunca,
sombra que sempre me asombras.

Ao tempo que a néboa se erguía entre os carballos da alameda, a voz profunda de Pilar Martínez Conde, Pilocho, interpretaba *Negra Sombra*, resaltando a profunda emoción e sentimento que estaba a acompañar aos actos.

"Negra Sombra" é un dos poemas que forma parte do libro *Follas Novas*, publicado por Rosalía en 1880. Moita da popularidade deste poema débese ao traballo do músico lucense Xoán Montes Capón (1840-1899), que uniu o seu texto a un alalá que recollera, cousas da vida, precisamente na Cruz do Incio. Foi presentado por primeira vez no Gran Teatro da Habana no ano 1892.





PAZ PARA SEMPRE

Perseguíronos con saña.
Detivéronos con sevicia.
Torturáronos con sadismo.
Encarceráronos sen causa.
Xulgáronos sen xustiza.
Paseáronos sen piedade.

Así os mataron.

E impuxeron o terror.
E impuxeron a calumnias.
E impuxeron a falsificación.
E impuxeron a censura.
E impuxeron o silencio.
E impuxeron o esquecemento.

E así trataron de rematalos.

Contra o exterminio atroz
das súas vidas desfeitas
e contra o esquecemento inxusto
do silencio cómplice
queremos manter viva para sempre
a memoria galega
das vítimas do fascismo,
en solidariedade
con todas as comunidades do mundo
que padecesen calquera ditadura do terror.

Porque como aquelas vítimas
queremos liberdade para sempre.
Porque por aquelas vítimas
para sempre queremos xustiza.

Porque a realidade é o desexo,
PAZ PARA SEMPRE.

Claudio Rodríguez Fer

(Do libro *Ámote vermella*, Vigo, Xerais, 2009)





RECORDANDO NA CASILLA



"Como despedida de este día tan señalado para nosotros, quisiera añadir mi agradecimiento por vuestra presencia a tan merecido homenaje y al mismo tiempo deciros que en esta cuneta fue donde asesinaron a nuestro querido tío Manolo, en aquel nefasto día 11 de septiembre de 1936; lugar que durante muchos años visité en compañía de mi padre y donde permanecíamos largos ratos en un absoluto silencio. Gracias."

Ricardo Díaz López
Sobriño

" Unha vez máis, e por último, só repetiros as mesmas palabras porque xa non sei que máis dicir ... recordar a data, recordar os feitos, e por encima de todo recordar ao home; e claro, alegrarme de poder estar aquí, de que pese ao paso dos anos, poida ter chegado a ver a reivindicación pública do tío Manolo.

Agradecervos, de todo corazón, este pequeno sacrificio que facedes, que ben sei eu o que costa, porque non é lugar moi apropiado para estacionar os coches, nin moi axeitado para estar todos, así que moitas gracias e felicidades. "

José Gabriel Vázquez Díaz
Sobriño



Claudio Rodríguez Fer e Carmen Blanco

MEMORIAL DOS FOXOS DE LUGO (CON LORCA AO LONXE)

(Fragmentos)

O poeta ergueuse unha mañá
e non a viu.
Saíu á rúa
e non a viu.
Fuxiu ao monte
e non o viu.
Volveu á casa
e non a viu.
E non tivo por onde camiñar
que non fosen *cunetas* e *cunetas*.
Mirou o caderno dos poemas
e non había ringleiras
senón soamente *cunetas*.

Cunetas. Cunetas. Cunetas.

Abriu os libros de poesía
e non había verso ningún
que non fose escrito entre *cunetas*.

Cunetas. Cunetas. Cunetas.

Onde libre escribía Luís Pimentel
o seu diario dun médico de garda.

Cunetas.

Onde soñaba Ánxel Fole
coa súa libre auga lizgaira.

Cunetas.

Onde a muralla paseaba en noite libre
a Federico García Lorca como a lúa.

Cunetas.

Cada verso era a beira dun suco
ao que tan só lle cumpría outro verso
para converterse en *cuneta*.

Cunetas. Cunetas. Cunetas.

Acaso non se fixo a *cuneta* para a auga
senón a auga para a *cuneta*.
Acaso non se fixo a *cuneta* para o home
senón o home para a *cuneta*.
Acaso non se fixo a *cuneta* para a muller
senón a muller para a *cuneta*.
Acaso non se fixo a *cuneta* para o silencio
senón o silencio para a *cuneta*.
Acaso non se fixo a *cuneta* para a morte
senón a morte para a *cuneta*.

No lugar onde medran as silveiras
e discorre a auga pola estrada
houbo antes un suco de sangue
inzando de nomes as *cunetas*:
A *cuneta* Camilo Díaz Baliño
segundo se vén de Santiago.
A *cuneta* Juana Capdevielle
segundo se vén dende A Coruña.
A *cuneta* do paseo anónimo
saíndo de Lugo a todas partes.
A *cuneta* Federico García Lorca,
que ocupa toda a veiga de Granada.

Cunetas. Cunetas. Cunetas.

Así se fixo o Plan Nacional de Estradas
de mil novecentos trinta e seis:
Onde a silva medraba con máis arte,
metralla.

Onde o amor era libre polas curvas,
metralla.
Onde a verba se elevaba na rasante,
metralla, metralla, metralla.

Deixando a vida polos sucos
sementastes tramo a tramo toda gabia
ata encher de esperanza cada foxo.
Que queimen o meu corpo cando morra:
que espaxen as cinzas por todas as *cunetas*:
que volvamos á vida todos xuntos:
aínda que sexa en verso compañeiros:
que volva pacer a dignidade en Lugo.
Que volva pacer a dignidade ao mundo.

Claudio Rodríguez Fer

(Do libro *Ámote vermella*, Vigo, Xerais, 2009)



Ante todo os quiero pedir que rindamos un pequeño homenaje a la persona que tendría que estar hablando hoy aquí, me refiero a mi padre, Guillermo. Lamentablemente eso es imposible pues, como sabéis, falleció hace algunos años. Y digo que tendría que ser él, el que estuviera aquí, pues, sin ser el personaje central de toda esta historia, es una parte muy importante de la misma. Mi padre, siendo aún un adolescente, tuvo el desgraciado "honor" de recoger el cuerpo sin vida de su querido tío Manuel y darle una sepultura, más o menos digna, en algún lugar de esta tierra de Incio; por lo que, si me lo permitís, quiero hacer un humilde recordatorio al hombre que, puedo asegurar, procuró durante toda su vida que este acto se llevara a cabo. Todos sus intentos se toparon con puertas cerradas, y con la cerrazón de algunos, que lo despachaban con frases lapidarias como: "hay que dejar descansar en paz a los muertos". Por todo esto, mi recuerdo es hoy también para mi padre que, si pudiese compartir con nosotros estos momentos, sería un hombre inmensamente feliz.

Manuel Luís Díaz Fernández
Sobriño neto



Unha prolongada anormalidade

A anormalidade motiva que hoxe esteamos aquí reunidos. Xa que anormal foi o fin abrupto, antidemocrático e violento que o golpe militar de xullo de 1936 perpetró contra o réxime democrático e lexítimo da IIª República. E esta afirmación non a matiza nin a contradí ningunha das dificultades polas que se podía estar a atravesar naqueles momentos. A IIª República sen dúbida representa o intento de democratización, de modernización e de transformación social máis profundo da nosa historia. No curso da cal, por exemplo, alcánzase algo que hoxe temos por natural, coma é o sufraxio universal para mulleres e homes. Anormalidade que se estendeu, coma unha mancha de aceite, por todo o país e auspiciou a violencia política contra todos aqueles que se tiveran destacado como defensores da democracia, da igualdade social, na loita contra o caciquismo, e na defensa dos sectores sociais máis desfavorecidos.

E esta anormalidade acabaría por chegar e deixar a súa pegada tamén aquí, no Incio. Como non cualificar de anormal a persecución da que Manuel Díaz, *O Pequeniño do Incio*, e tantos outros foron obxecto? Foi esta anormalidade a que permitiu que as forzas políticas que promovían e medraban ao amparo do chamado *Alzamento ou Movemento Nacional*, axudadas polas institucións armadas sublevadas - sectores do exército e da garda civil da época- puxeran en marcha unha maquinaria destinada a provocar o medo entre toda a sociedade e a causar a morte selectiva dos individuos que constituían unha referencia entre os seus veciños. E temos que falar nestes termos xenéricos, pois non doutro modo resulta posible describir aos que resultaron perseguidos, represaliados e en moito casos, como o que aquí nos congrega, asasinados.

A anormalidade promoveu a violencia e a violencia política deu pábulo á persecución inxusta e ilegal de cidadáns que tiñan cometido por todo delito na súa vida, o defender un ideario de

xustiza social para os seus semellantes, que trataban de combater, dende o analfabetismo á enfermidade, fose esta o bocio, o raquitismo, ou a tuberculose. Que desexaban poñer fin a unha emigración que privaba ao país dos máis capaces e decididos.... Pronto se ven os perigosos obxectivos que estas persoas perseguían.

Naquelas datas, as que preceden ao fatídico día, todos os esforzos feitos para evitar o fin que se aventaba foron inútiles, e finalmente, a anormalidade logrou o seu propósito: Sen causa, sen xuízo e sen sentenza; Manuel Díaz foi asasinado neste lugar no que agora nos atopamos, despois de varias escaramuzas e de propinarlle castigos gratuítos o día 11 de setembro de 1936, hai agora máis de 75 anos.

Pero a anormalidade non estaba satisfeita, para ela todo era pouco. O sufrimento que toda morte leva consigo para os familiares, amigos e veciños do finado, non chegaba. Os servidores do incipiente réxime político, impuxeron que non habería duelo, que non habería cadaleito, que non habería enterramento regular, e por iso hoxe, 75 anos despois daqueles feitos, descoñecemos o lugar no que se atopan os restos de Manuel.

Dende aquela tarde anormal, a dor de familiares e amigos foi acompañada de silencio e do comentario en voz baixa, que aínda así foi capaz de trasladar de xeración en xeración a nova do abuso irremediable cometido. Este silencio, este ruxe ruxe foi quen de durar corenta anos, o tempo ao que se estendeu a ditadura de Franco. Unha anormalidade máis.

Moitas cousas cambiaron coa morte do ditador, e así o celebramos, non hai razón para negalo. Estreamos Constitución, Estatuto de Autonomía e corporacións locais democráticas pero a reivindicación expresa das que foran vítimas inocentes, da que todos coñecemos como a Guerra Civil, non se produciu, o que foi xerando unha zona de sombra e de aparente esquecemento.

Outra anormalidade que sumar á restrá das que levamos enumeradas.


Hai anos este estado de cousas comezou a cambiar, e en moitos variados lugares lévanse a cabo actos en recordo dos "axustizados" en xuízos amañados, dos encadeados, dos exiliados, dos "paseados" e asasinados nas cunetas, desentérranse fosas comúns e promóvense actividades similares.

Aquí no Incio as iniciativas en tal sentido só agora puideron facerse realidade. Neste asunto, todo parece indicar que estamos a gañar a normalidade, por máis que para chegar aquí tiveran que ter transcorrido máis de 75 anos.

Cos actos de hoxe poñemos de manifesto que os intentos de estigmatizar aos represaliados do 36, como causantes dos males daquela época, teñen fracasado. Que o exemplo que deron en vida non foi estéril, que os seus desexos de liberdade, de democracia e xustiza social tiñan e teñen sentido e merecen ser perseguidos e defendidos.

Remato recordando unhas palabras de Carlos Castilla del Pino: "A memoria dános conciencia de que existimos e con ela de identidade... Só cando todos os que nos recordan perezan, teremos morto definitivamente ..."

Xosé Manuel Díaz García
Sobriño neto





As terras do Incio e da súa contorna foron o escenario de tráxicos e brutais sucesos nos días, meses e anos que seguiron ao golpe de Estado do 18 de xullo de 1936, tendo por protagonistas e vítimas as súas xentes.

Nos actos dos que aquí deixamos noticia, foron recordados e invocados de viva voz, os nomes daqueles outros veciños que, como Manuel Díaz González, foron perseguidos inxustamente e brutalmente asasinados.

Recordamos aquí os seus nomes:

- Jesús Casas González, natural do Incio, veciño de Eirexalba, labrego de 36 anos. Participou activamente no asociacionismo agrario. *Paseado* o 6 de agosto de 1936.
- Amador Rodríguez Guerra, natural de Monfero (A Coruña), veciño de Ferreirúa (A Pobra do Brollón), labrego de 40 anos. *Paseado* no val do Incio o 19 de agosto de 1936.
- Manuel Guitián Somoza, natural do Incio, veciño de Vilasouto, labrego de 26 anos. Foi detido o 6 de agosto de 1936 e trasladado ao cárcere de Sarria, de onde foi sacado e *paseado* o 19 de agosto de 1936 no lugar da Valiña (Sarria).
- Manuel Sánchez Somoza, natural do Incio, veciño de Cruz do Incio, panadeiro de 26 anos. *Desaparecido*. A súa morte rexístrase en Sarria o 30 de agosto de 1936.

- Pedro Juan Caldas González, natural do Incio, veciño de Cruz do Incio, funcionario municipal de 50 anos. *Desaparecido* do seu domicilio o 28 de setembro de 1936. O 10 de outubro de 1938 rexístrase oficialmente no Rexistro Civil a súa defunción.
- Antonio Gallego Teimoy, natural do Incio, veciño de Sober, labrego de 50 anos. Declarado en rebeldía e fuxido, o seu cadáver aparece en Toldaos (O Incio) o 3 de agosto de 1938, con feridas de disparos. Foi concelleiro en 1931 pola Unión Pro-República, e en 1936 por Izquierda Republicana.
- Benigno Díaz González, natural do Incio, veciño de Samos, labrego de 30 anos. Estivo fuxido, o seu cadáver aparece en Eirexalba (O Incio) o 11 de maio de 1939.
- Carmen Maceda Macía, natural de A Pobra do Brollón, veciña de Eirexalba (O Incio), labrega de 72 anos. Morre o 12 de maio de 1939 en Eirexalba. Oficialmente atribúese como causa da súa morte "hemorragia". Os seus fillos, Anuncia e Antonio, sufriron persecución e detención.
- Manuel Campo González, natural do Incio, veciño de Eirexalba, labrego de 30 anos. *Paseado* o 5 de setembro de 1939.
- Victorino López López, natural do Incio e veciño de A Cervela, labrego de 40 anos. O seu cadáver aparece o 25 de agosto de 1938 en Suasairas – Cervela (O Incio), o que motiva a incoación dunha causa militar seguida contra integrantes da Garda Civil.

¡ Non vos esquecemos !

Para confeccionar esta relación tense consultado e obtido información na base de datos do proxecto de investigación interuniversitario "Nomes e Voces" e tamén da obtida nas investigacións levadas a cabo por don Andrés Páramo Casas, estudoso da represión franquista na comarca.

El uso moral de la memoria

Carlos Castilla del Pino, Psiquiatra

Los seres humanos se definen por lo que hacen y se les recuerda por lo que hicieron. Hay quien actúa con el solo propósito de dejar memoria de su existencia. La razón profunda de este comportamiento es que ser recordado es una forma de existencia, en vida pero también después de haber vivido. Sólo cuando se es olvidado por aquellos que nos recordaban, o cuando éstos han perecido, se puede afirmar que inexistimos. Por eso, aunque no podemos tener experiencia de lo que será el olvido en que quedaremos sumidos después de nuestra muerte, no lo deseamos de ninguna manera.

Aquellas actuaciones por las que se es recordado por un tiempo mayor o menor se llevan a cabo mientras vivimos (los muertos no hacen nada por ellos mismos). Si algunos de éstos merecen ser recordados, los que aún viven son los que han de hacer que se les recuerde. El olvido sella la muerte de todo ser que alguna vez existió. Por el contrario, sobrevive mientras se le recuerde.

La conciencia de que tenemos la responsabilidad de hacer que sigan existiendo aquellos que ya muertos juzgamos que deben sobrevivir, se trata de subsanar de muchas maneras. Habitualmente con el luto (ya en desuso), la placa conmemorativa, el busto, el nombre de una calle o hasta una estatua ecuestre. También, y quizá lo mejor de todo, un montón de páginas como esta que el lector tiene en sus manos y no podrá abandonar. De esta forma, alguien murió, otros que lo recordaron morirán también, pero antes lo harán recordar a los demás. El sentido de la expresión, ya acuñada, "derecho a la memoria" va en esta dirección. Significa el reconocimiento del derecho a ser recordado a los que se les negó esa posibilidad. Pero si ya no existen, otros pueden, y en ocasiones deben, demandarlo por él. De este modo, la exigencia del derecho a la memoria se convierte en un problema moral para los que sobreviven. El vocablo "memoria" tiene en estas páginas, primero el significado de recordar, y segundo del deber de recordar para informar de lo recordado a los que vienen después, de manera que se constituya en ellos en recuerdo de los recuerdos de los demás. "Recuérdalo tú y recuérdalo a otros", que decía Luis Cernuda.

La memoria es un instrumento de que dispone el sujeto para su actuación en la realidad. De tal instrumento se hace un uso muy vario, pero en el fondo subyace un componente moral. Podemos desde luego usar la memoria, como cualquier instrumento, para el bien o para el mal. La función de la memoria está intrínsecamente ligada a una de las características del sujeto: su dependencia del pasado, la imposible abdicación de su pasado, del saber indeclinable que uno es lo que "ha ido siendo" hasta ahora, momento, el de ahora, en que también "se está siendo" y que se añadirá a los que le precedieron. Así nos reconocemos en tanto que sujetos, esto es, entidades con experiencias de vida vivida, sujetos con historia (la nuestra), o más exactamente, con *biografía*. Por eso, la evocación tiene una *estructura narrativa*. Evocar es contar (o contarnos), de palabra o por escrito. Lo dramático de algunas evocaciones es que no pueden ser contadas a falta de palabras. En ocasiones, hay un *décalage* entre lo vivido y lo contado, hasta el punto de que contar es reconocer simultáneamente nuestro fracaso como narrador. Es mi convicción que el suicidio de Primo Levi derivó de su conciencia de la imposibilidad de *decir* la experiencia en Auschwitz. Y sin ese desenlace, la misma que experimentó Kertész.

¿Por qué es moralmente imprescindible esta tarea? Lo sabemos por nosotros mismos. La memoria es personal, como lo son los hechos que se recuerdan, porque personal fue la experiencia del hecho cuando se vivió. Somos porque se ha hecho en nosotros nuestra historia, elaboración y reelaboración de nuestro pasado. *La memoria es la condición necesaria para el logro de nuestra identidad*, vocablo que, despojado de toda connotación moral, significa ser alguien, responder asimismo a la pregunta de quién soy (si se la hace uno a sí mismo) o quién es (si la hacemos respecto de otro). Somos, pues, porque tenemos memoria; es más, somos *nuestra* memoria. He aquí, a continuación, una demostración empírica de este aserto.

El número de longevos ha aumentado tan considerablemente en la actualidad que deben quedar pocos sin experiencia vivida de

enfermos de Alzheimer. Esta enfermedad constituye un *experimento natural* (como decía Claude Bernard de cualquier enfermedad) que nos hace ver cómo gracias a la memoria se construye nuestra identidad; y a la inversa, cómo la pérdida paulatina de la memoria disuelve la identidad. El paciente de Alzheimer que no recuerda al hijo que tiene delante no se sabe ya *padre* de él; cuando ya no recuerda haber sido médico o albañil no sabe la *identidad* social que mantuvo; y, al fin, si vive aún como para no recordar su nombre, no sabe quién fue, es decir, ha dejado de ser, *no es ya* (aunque aún vive). Su identidad se ha disuelto. Podemos decir *quién fue* (hablo desde el punto de vista psicológico, no jurídico), pero eso es función de *nuestra* memoria de él, no de la de él, que ha desaparecido. La memoria nos da, como decíamos antes, conciencia de que existimos y, con ello, de identidad. Mi memoria soy yo. En el estadio final del Alzheimer se dice de él que "vegeta", es la muerte del enfermo como sujeto, la disolución de su conciencia autobiográfica, aunque persista, sin embargo, la vida biológica que la hizo posible hasta entonces (circulación, respiración, metabolismo, es decir, las funciones autonómicas). *Los que le conocimos y le recordamos somos los que sabemos quién fue*. Tanto el enfermo ya totalmente demenciado por el Alzheimer cuanto el que ya pereció, sobreviven, pues, *en nuestra memoria*. Lo repito: una vez que uno muere sobrevive si sobrevive en el recuerdo de los demás. Cuando todos los que nos recuerden perezcan, hemos muerto definitivamente. Lo que significa que tener memoria del otro, recordarlo, es dotarlo de existencia. Todos ansiamos sobrevivir *aquí* -que se sepa, no hay ningún otro sitio donde esto pueda tener lugar-, y eso sólo podemos lograrlo *en la memoria de los demás*. Es lo que demuestra Agustín Santos, un superviviente de Mauthausen, cuando, refiriéndose a la muerte de Azuaga, su compañero de evasión, dice: "Su muerte engendró en mí la voluntad tenaz de sobrevivir a aquel infierno, para poder contar al mundo las muertes de tantos Azuagas". De esta manera, y en alguna medida, los ha hecho inmortales. En puridad, lo de "inmortales" es una metáfora. Ellos no son inmortales, somos nosotros los que los hacemos, se hacen inmortales en nosotros. No hay, pues, inmortalidad; hay memoria.

Ésta es la misión de "los que venimos después" en la sobrevivencia de aquellos a los que se les hizo morir, y de tal manera que, de hecho, de muchos de ellos (en el anonimato) podría decirse que es como si no hubieran existido.

La implacable dictadura franquista duró tanto que muchos de los que la padecieron, incluso muchos que supieron del padecimiento del padre, la madre, el hermano o el vecino, murieron sin poder ofrecernos su versión, porque mientras vivieron estaban obligados al silencio. Y si bien una experiencia singular rara vez es útil para la construcción de lo que llamamos *Historia*, es irremplazable para saber del drama, esto es, de la *Biografía*. Cuando hablamos de la recuperación de la memoria histórica, un apartado fundamental de la misma es la constancia ¡cuando menos! de los nombres y apellidos de los que vivieron el *drama*. No hay otra forma de subsanar, aunque en mínima parte, la oquedad dejada por aquellos a los que se hizo desaparecer, de muchos de los cuales no sabríamos siquiera que existieron. *Éste es el fundamento moral del recordarlos*.

[Publicado en el Diario "EL PAÍS" Sección Tribuna, el 25 de junio de 2006]



A inclusión en la presente publicación tiene autorización expresamente por dona Celia Fernández Prieto, Presidenta de la Fundación Carlos Castilla del Pino.

TRES XERACIÓNS, UNHA VIVENCIA







ESCRITO NA PEDRA

O atardecer do 11 de setembro de 1936, sen xuízo nin sentenza, foi fusilado nesta cuneta e fronte a este centenario castiñeiro o **Dr. Manuel Díaz González**, o *Pequeniño do Incio*, xeneroso e competente médico municipal desta comarca.

O seu recoñecido labor altruísta, compromiso republicano, solidariedade cos máis pobres e a súa integridade diante da persecución, eríxense como exemplar legado para as futuras xeracións da súa amada Galicia.

Incio, 27 de novembro de 2011.

Memorial aos 75 anos dos feitos: Soterraron semente!

Familia Díaz, orixinaria do Castelo

A roseira do recordo
ten as rosiñas a centos;
ni- as pode queimar o sol
ni- as pode arrincar o vento:
florece cando se quere
e dálle o delor recendo.

“Pombas feridas”. *Vento Mareiro.*
Ramón Cabanillas.

Placa do monólito colocado na Casilla da Serra.

No parque da Cruz do Incio foi colocado un busto, na súa base unha placa recorda a Manuel Díaz González, O *Pequeniño do Incio*, as súas virtudes persoais e profesionais e os obxectivos da súa acción social.



Dr. Manuel Díaz González
[1886 - 1936]

O Pequeniño do Incio

Médico municipal do Incio, recordado con cariño como profesional competente, dedicado, altruísta e solidario coa poboación máis marxinada da comarca; perseguido, encarcerado e finalmente asasinado o 11 de setembro de 1936, no lugar da Casilla da Serra.

Incio, 27 de novembro de 2011.



Non podemos, nin cremos que sexa necesario, negar o carácter e papel que de ordinario ten a cruz latina. Sendo o símbolo por excelencia do cristianismo, hoxe o seu significado é moito máis amplo, certo é que remite sempre á morte, incluso, a unha morte rodeada de certas características singulares, as que acompañan ao castigo irrogado inxustamente, mediando escarnio. Estas consideracións inclináronnos a pensar que o cadro de Leopoldo Núvoa seleccionado era moi axustado ao que contabamos nos textos da publicación, sen que puideramos causar confusións ou proximidades estrañas. Tamén pensabamos que o contexto ía despexar calquera dúbida, e este papel de contexto cumpríano neste caso, os textos, os poemas e as intervencións que transcribiamos.

Estabamos nestas cando topamos co número 9 da Revista bilingüe *Gallegos/Galegos*, en boa parte dedicada a Leopoldo Núvoa. Un dos escritores que aportou un comentario sobre a obra de Núvoa foi Ramiro Fonte –falecido hai agora 4 anos-, quen lle dedica un parágrafo específico a este cadro que estimamos moi revelador e concordante coas nosas pretensións:

“ ... Neste universo artístico contemplamos hai uns días unha das súas últimas obras: un tríptico de grandes proporcións. Inscritos na materia, tres obxectos recoñecibles: unha cruz, unha escaleira de man e outra escaleira. Tres símbolos dun calvario ao que ascende a raza do home. Agora doume conta. Os cadros máis ambiciosos de Núvoa teñen a vocación de ser memoriais. En vez de nomes de caídos, neles aparecen signos, grafías, cousas desafiuzadas e sutís. Nestes cadros podemos ler as traxedias do noso tempo. As razóns de Núvoa non son as do nihilista, porque el pode aceptar o caos pero non o nihilismo. Ao meu xuízo, hai algo na súa obra profundamente relixioso. Trátase da relixión dos agnósticos que teñen vivido a crise da cultura e a crise da arte. Construír sobre as ruínas do mundo. Acaso salvar una pequena pedra dura e insensible”

Ramiro Fonte Crespo, Pontedeume (1957) – Barcelona (2008), poeta, narrador e ensaísta galego.

ÍNDICE

03		RECORDAR.
05		COÑECER.
07		PERPETUAR.
11		EVOCAR.
19		NON ESQUECER.
21		RECOÑECIMENTO INSTITUCIONAL.
22		INMORTALIZAR.
34		RECORDANDO NA CASILLA.
42		OS OUTROS REPRESALIADOS DO INCIO: VIDA NA MEMORIA.
44		O USO SOCIAL DA MEMORIA.
46		TRES XERACIÓNS, UNHA VIVENCIA.
52		ESCRITO NA PEDRA.

Rematouse de imprimir esta publicación sobre *Os actos conmemorativos do 75 aniversario do pasamento do doutor don Manuel Díaz González, O pequeniño do Incio*, o 18 de xullo de 2012, 76 anos despois do día que deu comezo a barbarie que acompañou ao golpe militar, encabezado polo xeneral Franco, naquel verán de 1936. Consta a edición de 500 exemplares impresa sobre papel estucado mate Creator Silk de 170 g/m², utilizando os tipos Century Gothic.